

27 Julio de 2015 - Revista 1031

# *Revista Semanal*

da Rede Galega de Información Xuvenil



**xuventude.net**

EN PORTADA / 2

NOVAS FORMACION / 8

BOLSAS E AXUDAS / 9

PREMIOS E CONCURSOS / 9

NOVAS DE EMPREGO / 10

EN PORTADA

## Foro xuvenil transfronteirizo da Eurocidade Chaves - Verín

Martes, 21 Xullo 2015 14:23



A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado promove a posta en marcha do **Foro xuvenil transfronteirizo da Eurocidade Chaves-Verín** coa realización de encontros e sesións informativas no marco do proxecto **EUROCIDADE II**, aprobado ao abeiro do **Programa de Cooperación Transfronteiriza Galicia-Norte de Portugal 2007-2013 (POCTEP)**.

Esta iniciativa vai dirixida a mozos/as da **Eurocidade**, asociacións xuvenís, grupos informais, ou calquera colectivo, institución ou empresa que traballe a prol da xuventude.

O **Foro xuvenil transfronteirizo** pretende, entre outros obxectivos:

- Dinamizar o intercambio de experiencias entre mozos/as galegos e portugueses
- Fomentar entre os colectivos de ambas zonas a participación en proxectos conxuntos
- Formular iniciativas a curto prazo orgnizadas e/ou participadas pola mocidade
- Detectar necesidades e oportunidades nas que os protagonistas sexan os mozos e mozas.
- Descubrir iniciativas a incluír en futuras convocatorias para proxectos europeos

Os encontros serán presenciais e terán lugar no **Gabinete da Eurocidade Chaves-Verín (Chaves-Verín)** e desenvolverase entre o **21 e o 28 de xullo de 2015**, en horario de tarde.

**Proxecto Eurocidade II.-** O principal obxectivo deste proxecto é promover a cooperación institucional en materia de políticas de xuventude, para que os/as mozos/as se queden a vivir e a traballar na zona transfronteiriza galego-portuguesa. Por este motivo, conta coa colaboración de entidades que apoian unha nova liña de actuación de promoción do espírito colaborador e emprendedor da xuventude, e que programan actividades dirixidas a todos/as mozos/as que precisan dunha serie de ferramentas de cara á participación en programas culturais, asociativos ou de debate.

Os socios do proxecto a *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Xunta de Galicia*, o *Instituto Português do Desporto e Juventude*, o *Concello de Verín* e a *Câmara Municipal de Chaves*.

## Mato e Miranda visitan aos participantes de 'Conecta con Galicia' en Ourense

Martes, 21 Xullo 2015 16:24

- A conselleira de Traballo e Benestar, *Beatriz Mato*; o secretario xeral da Emigración, *Antonio Rodríguez Miranda*; e o delegado territorial da Xunta en Ourense, *Rogelio Martínez*, mantiveron esta mañá un encontro con eles antes de iniciaren as súas actividades
- Os participantes, procedentes de Arxentina, Brasil, Perú e Venezuela, están acompañados por 19 galegos e galegas co fin de "renovar os lazos entre Galicia e o outro lado do Atlántico"
- En total, o programa "Conecta con Galicia" oferta máis de 200 prazas



Máis de 40 mozos e mozas descendentes de emigrantes galegos e residentes no exterior están a participar en Ourense no programa de convivencia "**Conecta con Galicia**" que organiza a Xunta co fin de "renovar os lazos co outro lado do Atlántico".

A conselleira de Traballo e Benestar, *Beatriz Mato*; o secretario xeral da Emigración, *Antonio Rodríguez Miranda*; a directora xeral de Xuventude, *Cecilia Vázquez*; e o delegado territorial da Xunta en Ourense, *Rogelio Martínez*; desprazáronse hoxe ata a *residencia xuvenil Florentino López Cuevillas* co fin de manter un encontro con eles e cos 19 mozos e mozas galegos que os acompañan nesta experiencia.

Esta quenda, que se está a desenvolver entre o **15 e o 26 de xullo**, céntrase na temática "**Cultura e camiño**". Así, ademais de coñecer o *Camiño de Santiago*, os participantes están a visitar o patrimonio histórico e cultural da *zona de Ourense*.

Segundo destacaron os responsables autonómicos, con esta actividade os mozos e mozas teñen a oportunidade de "*coñecer os camiños de Galicia e Europa e seguir crecendo e desenvolvéndose a nivel persoal*".

En total, o programa "**Conecta con Galicia**" oferta máis de 200 prazas distribuídas en dúas quendas: do **1 ao 12 de xullo**, e do **15 ao 26 de xullo**. O programa componse de dúas modalidades: o "**mar de Galicia**", que ten lugar no albergue xuvenil de Gandarío, no que se realizan actividades náuticas; e "**Cultura e Camiño**", que se desenvolve na zona de Lugo e na de Ourense en diferentes quendas.

Ademais, tamén en colaboración coa *Secretaría Xeral da Emigración*, no campo de traballo de *Castromaior en Portomarín*, convivirán 20 mozos e mozas da emigración con 10 mozos e galegos, todos con idades comprendidas entre os 18 e os 30 anos. No campo de traballo, de carácter medioambiental e etnográfico, os voluntarios transmitiránlle a historia do contorno aos peregrinos con actividades teatralizadas, traballarán na limpeza do *Castro de Castromaior*, e sinalizarán o acceso a este Castro para poñelo en valor.

## Un total de 20 mozos e mozas participan no campo de traballo internacional de Cortegada

Mercres, 22 Xullo 2015 10:57

- A directora xeral de Xuventude e Voluntariado, Cecilia Vázquez, visitou hoxe aos participantes nesta iniciativa
- A programación combina labores medioambientais, con outras complementarias como kajak, roteiros en bicicleta ou dinámicas grupais



Un total de 20 mozos e mozas de entre 18 e 30 anos, procedentes tanto de Galicia como doutros países (China, Rusia, Francia e Italia), están a participar no campo de traballo internacional de Cortegada "O bosque flotante".

A directora xeral de Xuventude e Voluntariado, Cecilia Vázquez, desprazouse hoxe ata a illa para visitar aos participantes, que comezaron a súa experiencia o pasado 15 de xullo e que permanecerán no campo ata pasado mañá.

A temática da actividade é fundamentalmente medioambiental. Así, os voluntarios están a realizar labores de mantemento da illa (consolidación de muros e sendeiros, etc...), de información e sensibilización do visitante, intervencións puntuais de mellora no parque, e limpeza das illas Malveiras.

Ao mesmo tempo, combinan este traballo con outras actividades de ocio e culturais, como kajak, snorkel, roteiros en bicicleta, unha ruta Xacobeas en embarcación, roteiros guiados ou dinámicas grupais.

En total, a campaña de verán da Xunta ofertará este ano 700 prazas en campos de traballo: 465 de acollida, e outras 260 de partida, un 19% máis que o ano anterior. En concreto, das prazas no exterior, 115 son noutras comunidades autónomas, e 150 distribuiranse en máis de 25 países de todo mundo.

Os campos de traballo de Galicia son 18: Illas Cíes (4 quendas), Cotobade, Ribadumia, Illa de Cortegada (Vilagarcía), Riós, Muíños, Celanova, Vilar de Barrio, Portomarín, Xermade, Quiroga, Outes, A Laracha (2 quendas), Ponteceso, Boqueixón, Rois e Padrón.

En 2015, o departamento autonómico investirá máis de 2,4 millóns de euros para financiar preto de 8.530 prazas da campaña de verán, entre campamentos, actividades para maiores de 18 anos e campos de traballo en Galicia. Esta programación permitirá, á súa vez, a contratación duns 900 monitores e directores de campamentos durante os meses de verán.

## Arranca unha nova edición do programa de dinamización lingüística 'O galego campa!' nos campamentos de verán da Xunta de Galicia

Xoves, 23 Xullo 2015 14:09

- A Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado poñen en marcha un amplo catálogo de actividades que chegará a 17 localidades durante xullo e agosto para promover o uso da lingua galega na mocidade
- Nesta quinta edición inclúese como novidade un repositorio dixital de materiais e propostas dinamizadoras dirixidas ao monitorado de tempo libre



A Xunta de Galicia, por medio das consellerías de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e mais de Traballo e Benestar, vén de poñer en marcha a quinta edición do programa de dinamización lingüística 'O galego campa!', que amplía as súas propostas de promoción do uso do galego na xente nova con respecto aos anos anteriores e que inclúe como novidade un repositorio dixital de materiais e actividades dinamizadoras dirixidas ao monitorado de tempo libre.

Así o deron a coñecer esta mañá a directora xeral de Xuventude e Voluntariado, Cecilia Vázquez, e o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, no Campamento Xuvenil Espiñeira de Boiro, que acolleu a primeira das xincanas lingüísticas 'Galicia, terra de artistas', da man d'O Falcón Branco, empresa xestora do programa na súa edición 2015.

"O galego campa! chegará este ano, ampliado, a 17 campamentos con dúas actividades diferentes e atendendo con especial interese ao monitorado cun novidoso repositorio dixital de materiais e propostas que permitirá seguir dinamizando a lingua na xente nova e no tempo libre", explicou García Gómez no acto de presentación, no que animou os monitores e monitoras a empregaren o galego na súa actividade profesional e á rapazada "a iniciar e manter en galego as novas amizades que estades a facer durante estes días de convivencia e de lecer". O secretario xeral recordou que a promoción do uso da lingua propia de Galicia na mocidade é un dos eixos estratéxicos de traballo do seu departamento, en cumprimento do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega desde a Xunta de Galicia.

Pola súa banda, Cecilia Vázquez, destacou que este programa ten como obxectivo principal fomentar entre a mocidade o uso do idioma galego como unha lingua útil, axeitada e normal para todos os momentos da vida. 'O Galego Campa' facilita aos monitores e monitoras ferramentas para a animar aos participantes nos campamentos a expresarse en galego. De aí que tamén agradeceu o labor e a disposición dos monitores e monitoras para que 'O Galego Campa' sexa, un ano máis, un verdadeiro éxito.

### Unha nova xincana lingüística

'Galicia, terra de artistas' é a denominación da nova xincana lingüística que chegará desde hoxe aos campamentos de verán da Xunta de Galicia da man d'O Falcón Branco, unha proposta baseada en xogos e probas que combinan as habilidades física, lingüística e intelectual para achegarlle á rapazada a lingua por medio da canción, da poesía ou do teatro e para dar a coñecer os persoeiros máis ilustres, os fitos máis importantes ou os feitos máis senlleiros da nosa propia historia.

'Galicia, terra de artistas' desenvolverase en varias sesións entre xullo e agosto no Campamento Xuvenil Espiñeira (Boiro, A Coruña), no Albergue Xuvenil As Sinas (Vilagarcía de Arousa, Pontevedra), no Albergue Xuvenil da Mariña Española (Bergondo, A Coruña), no Campamento Xuvenil A Devesa (Ribadeo, Lugo), no Campamento Xuvenil Penedos de Xacinto (Entrimo, Ourense) e na Estación de Montaña de Manzaneda (Manzaneda, Ourense).

#### Contacontos en formato acústico

Paralelamente, o Consello de Galegos Ilustres (integrado polos dinamizadores Brais Fernandes e Xavier Mugaridos) levarán os seus contacontos en formato acústico de guitarra e voz "Historia máxica de Galicia", "Xan e Perillán", "Visita do Consello de Galegos Ilustres" e "Rosalía, unha meniña" durante o mes de xullo aos campamentos Virxe de Loreto (Porto do Son, A Coruña), Furelos (Melide, A Coruña), Os Chacotes (Palas de Rei, Lugo), de Pontemiril (Forcarei, Pontevedra), Illa de Ons (Bueu, Pontevedra) e ao Albergue Xuvenil Area (Viveiro, Lugo).

Xa no mes de agosto, poderá gozar destes contacontos musicados a rapazada de estadia de verán no Campamento Xuvenil Illa de Ons (Bueu, Pontevedra), no Albergue Xuvenil da Mariña Española (Bergondo, A Coruña), no Campamento Xuvenil Virxe de Loreto (Porto do Son, A Coruña), no Albergue Xuvenil de Gandarío (Bergondo, A Coruña), no Albergue Xuvenil da Mariña Española (Bergondo, A Coruña), no Campamento Xuvenil A Devesa (Ribadeo, Lugo), na Estación de Montaña de Manzaneda (Manzaneda, Ourense) e no Albergue Xuvenil Benigno Quiroga (Portomarín, Lugo).

En total, as actividades chegarán este ano a 17 dos campamentos da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, que amplía así o programa '**O galego camp!**' con respecto ás campañas anteriores. O calendario completo de actividades pódese consultar nos webs [www.lingua.gal](http://www.lingua.gal) e [www.xuventude.net](http://www.xuventude.net), así como na *Axenda de Cultura de Galicia*.

#### Novo repositorio

Alén das sinaladas actividades presenciais de dinamización lingüística nos campamentos, '**O galego camp! 2015**' incorpora como novidade un repositorio dixital de materiais e propostas específicas para traballar lingua, mocidade e tempo libre, pensadas para o monitorado. Na liña das primeiras edicións do programa, nas que se distribuíron e se ofreceron en aberto xogos de fichas de actividades e o disco '*Desaparafusador de gominola*' e se incluíu formación específica de dinamización lingüística para directores de campamento e monitorado, a *Secretaría Xeral de Política Lingüística* e a *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado* xa teñen habilitado nos seus respectivos webs institucionais un novo espazo desde o que acceder á descarga libre e de balde dos primeiros materiais que configurarán un completo e novidoso repositorio dixital de lingua, mocidade e tempo libre.

#### Plan Estratégico de Xuventude

'**O galego camp!**' desenvolve, no marco do **Plan Estratégico de Xuventude de Galicia 2014-16** deseñado pola *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado*, unha das 11 medidas que teñen por obxectivo o fomento da lingua galega entre a xente nova nos diferentes ámbitos sociais, ao tempo que lle dá cumprimento ás directrices da *Lei de Xuventude de Galicia (2012)* e ás do *Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega (2004)*.

## Un total de 20 mozos e mozas participan no campo de traballo internacional de carácter etnográfico na Serra de Outes

Xoves, 23 Xullo 2015 17:24

- A directora xeral de Xuventude e Voluntariado, Cecilia Vázquez, visitou hoxe aos participantes desta iniciativa que rematará o próximo 28 de xullo
- Vázquez destacou que a campaña de verán da Xunta oferta este ano 700 prazas en campos de traballo



A **Serra de Outes** está a acoller estes días o campo de traballo internacional '**Horta do muíño**' da *Consellería de Traballo e Benestar* no que están a participar ata o próximo **28 de xullo** un total de 20 mozos e mozas con idades comprendidas entre os 18 e 30 anos. En concreto, os participantes, procedentes de *Galicia, Álava, Albacete, Badajoz, Guadalajara, Palencia, Biscaia, Rusia, Francia, Bélxica e Italia* están a revitalizar o turismo da zona a través da rehabilitación dunha construción típica galega, o muíño, e da reactivación do sendeirismo cos traballos de limpeza e dinamización da *ruta en Albán-Tremuzo*.

Os mozos e mozas, ademais, están a intercambiar experiencias, coñecementos e costumes, ao tempo que favorecen a comunicación grupal e acadan actitudes de colaboración e cooperación. Entre as actividades complementarias que están a realizar destacan paseos pola poboación de Outes, xornadas na praia coa práctica de deportes náuticos e rutas pola devesa de Nimo.

En total, a campaña de verán da Xunta ofertará este ano 700 prazas en campos de traballo: 465 de acollida, e outras 265 de partida, un 19% máis que o ano anterior. En concreto, das prazas no exterior, 115 son noutras comunidades autónomas, e 150 distribuiranse en máis de 25 países de todo mundo.

Os campos de traballo de Galicia son 18: Illas Cíes (4 quendas), Cotobade, Ribadumia, Illa de Cortegada (Vilagarcía), Riós, Muíños, Celanova, Vilar de Barrio, Portomarín, Xermade, Quiroga, Outes, A Laracha (2 quendas), Ponteceso, Boqueixón, Rois e Padrón.

En 2015, o departamento autonómico está a investir máis de 2,4 millóns de euros para financiar preto de 8.530 prazas da campaña de verán, entre campamentos, actividades para maiores de 18 anos e campos de traballo en Galicia. Esta programación permitirá, á súa vez, a contratación duns 900 monitores e directores de campamentos durante os meses de verán.

## O Festival Internacional de Percusión celebra a súa décima edición con diversos concertos e actividades musicais na comarca do Deza

Venres, 24 Xullo 2015 07:55

• Do 30 de xullo ao 13 agosto, Agolada, Vila de Cruces e Lalín acollerán concursos musicais, actuacións de recoñecidos artistas e grupos, así como unha festa de aniversario do festival, que conta co apoio da Consellería de Cultura e Educación



O **Festival Internacional de Percusión** celebra este ano a súa décima edición con diversos concertos na **comarca do Deza**, que se desenvolverán desde o **30 de xullo** ata o vindeiro **13 de agosto** nas localidades de *Agolada, Vila de Cruces e Lalín*.

A organización da iniciativa, que conta co apoio da *Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria*, corre a cargo de Odaiko Percussion Group, cuxos membros participaron hoxe na rolda de prensa de presentación do festival, xunto co secretario xeral de Cultura, *Anxo Lorenzo*; e co alcalde de Vila de Cruces, *Jesús Otero*.

### Unha nova ollada musical

"O festival ofrece unha nova ollada musical coa que familiarizar o público coas sonoridades máis actuais a través de grupos e percussionistas nacionais e internacionais, que presentan espectáculos e producións propias anovadoras co fin de sorprenden o espectador", afirmou durante a presentación Anxo Lorenzo, quen tamén puxo en valor a contribución da comarca do Deza ao desenvolvemento da música galega, "con iniciativas pioneiras, con artistas de referencia e con bandas de gran prestixio".

### Concertos e actividades

A rolda de prensa tivo lugar na área recreativa da Carixa, en Merza, Vila de Cruces, que será un dos escenarios do festival. Alí celebráranse os concertos do grupo esloveno Stop, coa colaboración da Banda Artística de Merza, e de Odaiko e amigos, os **días 30 de xullo, ás 22 horas, e 13 de agosto, ás 21:30 horas**, respectivamente.

No concello de Agolada, o festival arranca o día **31 de xullo, ás 22 horas** cunha tamborrada, e, a continuación, actuará o grupo esloveno Stop. O sábado día **1 de agosto** terán lugar os concursos de solistas Nick Woud e de grupos Odaiko. Na noite desa xornada tamén se desenvolverá o espectáculo '**Noite máxica**', con Diego Ventoso e Lucía Carro, seguida da sesión '**Coplas**'.

Ao día seguinte, o **2 de agosto**, ademais de realizar o primeiro intercambio de material usado, terán lugar as finais dos dous concursos e a gala do décimo aniversario. A xornada rematará con **LAR Legido e Sumra**, xunto cunha sesión de música negra. A programación en Agolada rematará o **3 de agosto** co **X Festival de Alumnos**, cunha homenaxe ao grupo galego **Garibbean Jazz Project** e coa festa de clausura.

Finalmente, o concello de Lalín acollerá o vindeiro **8 de agosto, ás 22:00 horas**, un concerto a cargo de Odaiko, que contará con diversas colaboracións.

## Un total de 100 mozos e mozas participan en Entrimo no campamento de Xuventude 'Teatro e aventura na natureza'

Domingo, 26 Xullo 2015 19:05

• A directora xeral de Xuventude e Voluntariado, Cecilia Vázquez, e o delegado territorial da Xunta en Ourense, Rogelio Martínez, visitaron hoxe en Entrimo aos participantes no campamento de Penedos de Xacinto

• Os mozos e mozas de entre 12 e 15 anos están a realizar actividades de dramatización, expresión corporal, ensaios, propostas teatrais ou técnicas de circo

• A oferta en Penedos de Xacinto ascende este ano a 300 prazas

• A Consellería de Traballo e Benestar oferta este ano na provincia de Ourense un total de 880 prazas a través da campaña de verán, 75 máis que en 2014



Os campamentos de verán para mozos e mozas de entre 9 e 17 anos conta en Ourense con 735 prazas, fronte ás 640 ofertadas na pasada campaña. As instalacións nas que se desenvolverán os campamentos son o *centro de educación ambiental Equal en Coles*; o *albergue Vilar de Ordellas en Esgos*; a *estación de montaña de Manzaneda*; a *residencia Xuvenil Florentino López Cuevillas*, na capital da provincia e o *campamento Penedos de Xacinto en Entrimo*.

Esta última instalación foi visitada hoxe pola *directora xeral de Xuventude e Voluntariado, Cecilia Vázquez*, e o *delegado territorial, Rogelio Martínez*. Trátase dun campamento de montaña, cunha capacidade de 100 prazas en tendas de campaña. A instalación dispón de pista polideportiva, salón de actividades, rocódromo, anfiteatro, alpendre cuberto e piscina.

Nesta quenda, na instalación están 100 mozos e mozas de entre 12 e 15 anos que participan no campamento '**Teatro e aventura na natureza**', que conta con actividades de dramatización, expresión corporal, ensaios e propostas teatrais ou técnicas de circo como malabares e habilidades de equilibrio. Para o total do verán, en **Penedos de Xacinto** foron convocadas 300 prazas, 200 en campamentos organizados directamente pola administración autonómica e 100 por entidades a través da oferta concertada.

A provincia de Ourense acolle este ano un total de 880 prazas, 75 máis que o anterior, para que mozos e mozas de entre 9 e 30 anos participen nas actividades de conciliación estival e de ocio educativo da campaña de verán, que organiza a *Consellería de Traballo e Benestar* a través da *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado*.

Na programación inclúense: campamentos xuvenís para menores de 18 anos en Galicia e noutras comunidades autónomas; as actividades para maiores de 18 anos; campos de traballo en España e no estranxeiro; e accións de reencontro con mozos e mozas descendentes de galegos residentes no exterior.

Ademais, a provincia de Ourense conta con campos de traballo para mozos e mozas de 18 a 30 anos en Celanova, Riós, Muíños e Vilar de Barrio e actividades para descendentes da emigración galega na residencia Florentino Cuevillas da capital.

A oferta da Campaña de Verán a nivel autonómico ascende a 8.530 prazas, un 3,2 por cento máis que en 2014. Para a súa posta en marcha, a Consellería de Traballo e Benestar inviste 2,4 millóns de euros. Grazas a esta iniciativa, favorécese ademais a contratación de máis de 900 monitores e directores de campamentos.

## EN PORTADA → NOVAS E ACTIVIDADES

### GUÍA VERÁN 2015

Martes, 21 Xullo 2015 08:36



A Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, vén de publicar a "Guía de verán 2015" que ten como obxectivo axudar á mocidade galega a planificar o seu ocio e formación durante estes meses. no documento pódese atopar información sobre a documentación necesaria para viaxar; os medios de transporte máis económicos, tanto en España como no resto de Europa; onde aloxarse; que visitar...Ademais, tamén pode consultarse información sobre os distintos tipos de carnés para a mocidade que permiten descontos: carné xove, o Go-25, o de estudante internacional (ISIC) ou o de alberguista.

A guía dedica ademais diversos apartados a completar a formación e vida laboral da xuventude. Deste xeito, ofrece información útil para atopar traballo no verán ou para conseguir prácticas para os estudantes, así como cursos de verán que organizan as universidades, entre outra oferta formativa.

### Materias de libre configuración na ESO e Bacharelato

Martes, 21 Xullo 2015 13:15

No DOG do 21 de xullo de 2015 publícase a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, así como o seu currículo e a súa oferta:

Educación Financeira  
Investigación e Tratamento da Información



Oratoria  
Paisaxe e Sustentabilidade  
Programación  
Promoción de Estilos de Vida Saudables  
Xadrez  
Antropoloxía  
Ética e Filosofía do Dereito  
Filosofía da Ciencia e da Tecnoloxía

Literatura Galega do Século XX e da Actualidade  
Literaturas Hispánicas  
Métodos Estatísticos e Numéricos  
Patrimonio Artístico e Cultural de Galicia  
Robótica  
Xeografía e Historia de Galicia

DOG do 21 de xullo de 2015

### Intercambio xuvenil multilateral en Trentino-Alto Adige (Italia)

Mercres, 22 Xullo 2015 12:20



A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado é socia no proxecto "Ciberbullying let's talk", que organiza o Concello de Vermiglio en Trentino (Alto –Adige) en Italia, no marco do programa Erasmus+, un programa que pretende mellorar o nivel de competencias e de capacidades básicas dos mozos e mozas, así como potenciar a dimensión internacional destes a través da participación en proxectos no estranxeiro.

O proxecto terá lugar en Trentino – Alto Adige (Italia), no que participarán mozos e mozas de once asociacións de sete países europeos e países veciños. Un total de 35 mozos e mozas de 7 países da Unión Europea terán a oportunidade de participar activamente nun intercambio xuvenil, no que se levarán a cabo diferentes actividades como: debates, xogos de rol, obradoiros e diferentes visitas educativas e culturais na comarca.

"Ciberbullying let's talk" nace da necesidade de análise do uso das novas tecnoloxías e fundamentalmente do seu uso. Entre os seus obxectivos destacan, entre outros: promover a utilización das novas tecnoloxías de forma segura e promover o debate sobre a identidade virtual e sobre a publicación de imaxes ou datos de carácter persoal en internet.

**Países participantes:** Bulgaria, Armenia, Turquía, Hungría, Xeorxia, Italia e España.

**Datas de realización do intercambio:** do 29 de agosto ao 4 de setembro de 2015.

**Destinatarios:** mozos e mozas residentes en Galicia entre 18 e 22 anos.

**Prazas:** 4 prazas

**Prazo de inscrición:** do 22 ao 26 de xullo de 2015.

Os participantes comprarán os billetes de traslado (ida e volta) desde o seu domicilio ata o lugar de aloxamento do intercambio en Vermiglio-Val di Sole pola súa propia conta, e seralles devolto o custo ata un máximo de 170 euros, coa presentación da factura a nome do participante e boarding pass (tarxetas de embarque) ou outros xustificantes de viaxe.

Aos efectos de facilitar o traslado de ida e volta dende o aeroporto de Bolonia (Italia) ata a localidade do aloxamento, a entidade italiana organizadora do intercambio porá a disposición dos participantes que así o soliciten un servizo de transporte dende o referido aeroporto o día de inicio do intercambio (29 de agosto) e o día de finalización do mesmo (4 de setembro) no horario que se determine en función dos horarios de chegada e saída dos/as participantes.

Reiteramos que este servizo de transporte o ofrecerá a organización italiana dende o aeroporto de Bolonia, cun custo de 70 euros que correrá a cargo do/a participante. No caso de que o/a participante non desexe utilizar este servizo, deberá chegar ao lugar de aloxamento pola súa conta.

**Inscrición:** Realizase mediante o envío do formulario electrónico dispoñible nesta páxina web dentro do prazo establecido. Soamente se admitirá una solicitude por participante. Os erros nos datos facilitados na solicitude de participación ou a omisión de algún deles, poderá ocasionar a desestimación da solicitude.

**Admisión:** Será por rigorosa orde de inscrición sempre ata cubrir a totalidade das prazas convocadas para o intercambio.

Os/as solicitantes seleccionados/as recibirán un correo electrónico de confirmación da praza. De non recibir confirmación desta o último día de inscrición, entenderase que non obtivo praza para participar no intercambio.

Confirmada a praza nos 3 días seguintes laborables, os/as seleccionados/as deberán remitir a [galeuropa@xunta.es](mailto:galeuropa@xunta.es) a seguinte documentación:

- Factura e billetes de transporte ata o aeroporto italiano.
- Fotocopia do DNI
- Fotocopia da Tarxeta Sanitaria Europea ou póliza de seguro de viaxe, de accidente e de enfermidade.

Recibidas correctamente as copias dos documentos solicitados, aos/ás seleccionados/as facilitaráselles posteriormente os datos de contacto do coordinador que acompañará ao grupo, así como o lugar de encontro na cidade de realización do intercambio.

Se houbera algunha baixa despois da adxudicación das prazas, ofertarase aos seguintes na lista de espera, tendo que presentar estes a documentación precisa nun prazo de 3 días laborais trala comunicación.

#### **Cobertura do intercambio:**

- Aloxamento en réxime de pensión completa en cuarto de uso múltiple
- Transporte local no ámbito do intercambio
- Actividades organizadas pola entidade de acollida.

#### **Máis información:**

[galeuropa@xunta.es](mailto:galeuropa@xunta.es)  
981 544 645 e 981 544 869

## Pasado, presente e futuro dos estudos de mocidade. 30 anos de estudos de mocidade en España

Mercres, 22 Xullo 2015 13:44



A recentemente creada **Rede de Estudos de Mocidade e Sociedade** ten entre os seus obxectivos fomentar o desenvolvemento e a consolidación do campo dos estudos de mocidade desde unha perspectiva multidisciplinar. Para iso decidiu iniciar o seu labor levando a cabo unha reflexión colectiva sobre a evolución seguida polos estudos de mocidade en España nas últimas décadas, as características da investigación actual e as liñas de investigación futura que demanda a complexidade do mundo xuvenil.

Este propósito coincide ademais co 30 aniversario do **Informe de Mocidade de 1985** e o **Programa de Investigacións Básicas** que levou a cabo o **INJUVE** con motivo do citado informe, que aínda hoxe constitúen un referente para calquera que pretenda facer un balance do camiño percorrido ata a actualidade. No seu conxunto este esforzo investigador supuxo un impulso decisivo no desenvolvemento dos estudos sobre os/as mozos no noso país.

Con esta idea de fondo as xornadas de investigación "*Pasado, presente e futuro dos estudos de mocidade. 30 anos de estudos de mocidade en España*" pretenden fomentar un debate entre especialistas e mozos investigadores, sobre o presente e o futuro dos estudos de mocidade en España. Ao finalizar a xornada constituirase o **Comité de Investigación en Estudos de Mocidade da FES** e escollerase a súa dirección.

**Datas de realización:** 1 e 2 de outubro de 2015 no Centre Cultural A Nau da Universidade de Valencia

**Convoca:** Rede de Estudos Mocidade e Sociedade (REJS)

**Data límite para a inscrición nas Xornadas:** 15 de setembro de 2015.

<http://www.injuve.es/convocatorias/actividades/jornadas-pasado-presente-y-futuro-de-los-estudios-de-juventud>

## Sorteo Carné Xove: Rafting

Xoves, 23 Xullo 2015 07:43



A dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, en colaboración con Abanca, **sortea un bono para 5 persoas** para facer un descenso de rafting no río Ulla (Xirimbao - Ponte de Sinde - Herbón).

Podes participar enviando xa o formulario ata as **9.00 h do luns, día 3 de agosto de 2015**.

A entradas poderanse retirar na *Dirección Xeral de Xuventude en Santiago de Compostela*, ou no lugar que se concerta coa persoa gañadora do sorteo. O gañador deberá presentar o carné xove en vigor.

A data para disfrutar o bono concertarase coa empresa que organiza os descensos.

O gañador deste sorteo publicárase aquí o mesmo día **3 de agosto** a partir das **12 horas**.

NOVAS FORMACION

CURSOS DE TEMPO LIBRE

## Monitor/a de actividades de tempo libre en Santa Comba

Mercores, 22 Xullo 2015 13:37



A Escola de tempo libre Recursos organiza **un curso de monitor/a de actividades de tempo libre no Concello de Santa Comba**.

**Datas:** Do **3 ó 28 de agosto de 2015**. De luns a venres, en horario de 09.00 a 14.00h e de 15.30 a 20.30h

**Lugar:** No Multiusos

**Duración:** 350 horas. 200h teóricas e 150h prácticas

**Matriculación:** 260 € alumno/a. 250 € Santa Comba

**Máis información**

Omix Santa Comba: 981 818 710

ETL Recursos: 981 558 374

[etl@recursosgalicia.es](mailto:etl@recursosgalicia.es)

<https://es-la.facebook.com/RecursosEscolaTempoLibre>

## Monitor/a de actividades de tempo libre en Pontevedra

Xoves, 23 Xullo 2015 12:32



A Escola de tempo libre Aika organiza **un curso de monitor/a de actividades de tempo libre en Pontevedra**.

**Datas:** Do 3 ó 28 de agosto de 2015. De luns a venres, en horario de 09.00 a 14.00h e de 15.00 a 20.00h

**Lugar:** Escola de tempo libre Aika. R/Gorgullón 42, baixo. Pontevedra

**Máis información:**

Escola de tempo libre Aika

Teléfono 986 848 486

<http://www.aikaformacion.com/escuela-de-tiempo-libre-aika.html>



BOLSAS E AXUDAS ➔ OUTRAS

## Subvencións para actividades culturais

Martes, 21 Xullo 2015 13:04



A **Consellería de Cultura** convoca subvencións a institucións sen fin de lucro, entidades locais galegas e agrupacións de concellos, destinadas ao financiamento de gastos correntes derivados da realización de festivais, feiras, mostras, ciclos e certames de artes escénicas e musicais de carácter afeccionado.

O **prazo** de presentación de solicitudes estará aberto ata o **21 de agosto de 2015**.

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento **CT215A**.

**Máis información no DOG do 21 de xullo de 2015.**

## Convocadas prazas Residencia Juvenil 'Ramón Menéndez Pidal' (Oviedo)

Xoves, 23 Xullo 2015 09:36

O **Instituto Asturiando de la Juventud**, convoca oferta de prazas para o **curso 2015/16** e bases que rexirán a dita convocatoria. O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **10 de agosto de 2015**.

**Máis información Boletín Oficial de 18 de maio de 2015.**

## Axudas a programas sobre drogodependencias

Venres, 24 Xullo 2015 06:57

O **Ministerio de Sanidade** convoca axudas económicas a entidades privadas sen fins de lucro e de ámbito estatal, con cargo ao Fondo de bens comisados por tráfico ilícito de drogas e outros delitos relacionados, para a realización de programas supracomunitarios sobre drogodependencias no ano 2015.



### Requisitos dos beneficiarios:

Estar legalmente constituídas e debidamente inscritas no correspondente rexistro nacional.

Ter constancia nos seus estatutos tanto do seu carácter privado, coma da súa carencia de fins lucrativos e do ámbito estatal da súa actuación.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **24 de agosto de 2015**.

**Máis información no BOE do 24 de xullo de 2015.**

## PREMIOS E CONCURSOS

### Concurso Tuitea tu Albergue

Venres, 24 Xullo 2015 10:49

A **Red Española de Albergues Juvenís**, convoca este concurso, no que hai que facer un selfie nas instalacións de calquera albergue da **REAJ** en españa o **Hostelling Internationa** en todo o mundo.

O premio consiste en 2 paquetes con dúas noites gratis en calquera albergue da Reaj.

O **prazo** de presentación é ata o **15 de setembro**.

**Máis información** <http://injuve.es/convocatorias/premios/concurso-tuiteatualbergue>

### Premios FPdGI 2016

Venres, 24 Xullo 2015 10:50

Os premios da **Fundación Princesa de Girona**, convócanse con a vontade de promover e fomentar a iniciativa e o esforzo, a creatividade artística de xóvenes emprendedores e innovadores.

**Máis información** [premios@fpdgi.org](mailto:premios@fpdgi.org). Tfno: 972410410

## Convocados premios a teses doutorais Instituto de Estudos Fiscais

Venres, 24 Xullo 2015 10:51

Convócanse **dous premios** para teses finalizadas, e que estarán dotadas con 4.500 euros.

**Máis información BOE do 14/07/2015.**

NOVAS DE EMPREGO ▶ EMPREGO PUBLICO

## Educador/educador titor para a Deputación da Coruña

Mercores, 22 Xullo 2015 13:25

A **Deputación da Coruña** convoca o proceso de elaboración de lista de aspirantes para a selección de persoal funcionario interino, posto de educador/educador titor.

**Requisitos:** titulación de Técnico/a Superior en Educación Infantil e permiso de conducir clase B vixente.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **11 de agosto de 2015**.

**Máis información no BOP da Coruña do 22 de xullo de 2015.**

## Oficial de 3ª na Bola

Mercores, 22 Xullo 2015 13:32

O **Concello da Bola** necesita contratar un oficial de 3ª

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **27 de xullo de 2015**.

**Máis información no BOP de Ourense do 22 de xullo de 2015** e na **OMIX da Bola**, teléfono 988 431 992.

## Convocatoria ampliación lista aberta auxiliares policía local Cedeira (A Coruña)

Xoves, 23 Xullo 2015 07:24

As bases desta ampliación están no BOP nº 124, do **2 de xullo de 2014**.

O **prazo** de presentación de solicitudes será de oito (**8**) **días naturais** desde a publicación deste anuncio no **Boletín Oficial da Provincia de A Coruña. Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, do xoves 23 de xullo de 2015, nº 138.**

[http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2015/07/23/2015\\_0000007763.pdf](http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2015/07/23/2015_0000007763.pdf)

## Concurso-Oposición para elaboración de listaxe de conductor Pontedeume (A Coruña)

Xoves, 23 Xullo 2015 07:25

O obxecto das presentes bases é a regulación do procedemento de elaboración de Listas para a contratación de persoal laboral non permanente que realice o **Concello de Pontedeume** para cubrir puntualmente as substitucións, nos casos de baixas, vacacións, licenzas, permisos ou circunstancias similares, de persoal laboral coa **categoría de Conductor**.

Os candidatos, deberán presentar as súas solicitudes, segundo modelo que figura como **Anexo I**, nas **Oficinas Municipais** ou por calquera dos medios sinalados no artigo 38.4 da lei 30/1992, de 26 de novembro, no prazo de **DEZ DÍAS NATURAIS**, contados dende o seguinte ao da publicación da correspondente convocatoria no **Boletín Oficial da Provincia** e no taboleiro de anuncios do Concello.

**Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, do xoves 23 de xullo de 2015, nº 138.**

[http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2015/07/23/2015\\_0000007799.pdf](http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2015/07/23/2015_0000007799.pdf)

## Convocada 1 praza de arquitecto técnico-técnico urbanista no Concello de Arteixo (A Coruña)

Xoves, 23 Xullo 2015 11:10

A praza convocada do grupo A, é polo sistema de concurso-oposición. O **prazo** de presentación de solicitudes é de **20 días** desde a publicación o **21 de xullo de 2015. Máis información BOE do 21 de xullo de 2015. [www.boe.es](http://www.boe.es)**

## Convocadas prazas Corpo de Aspirantes a Rexistradores da Propiedade, Mercantins e de Bens Mobles

Xoves, 23 Xullo 2015 11:11

O **Ministerio de Xustiza**, convoca **50 prazas** do corpo de rexistradores.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **30 días hábiles**, contados a partir da publicación no BOE. **Máis información BOE do 22 de xullo de 2015.** [www.boe.es](http://www.boe.es)

## Convocada bolsa de emprego Axentes Contractuais na Unión Europea

Xoves, 23 Xullo 2015 11:12

A bolsa é para a contratación de persoal laboral temporal. Dirixida á seguridade pública, a vixiancia ou a protección de personalidades.

O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **3 de setembro de 2015.** **Máis información DOUE do 15 de xullo.**

## Convocada 1 praza temporal licenciado ou graduado en Química

Xoves, 23 Xullo 2015 11:13

A **Universidade da Coruña**, convoca esta praza, como colaborador en proxectos de investigación.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **10 días** desde a publicación o **16 de xullo**, na páxina [www.udc.es](http://www.udc.es)

## Convocada 1 praza temporal licenciado, grao ou enxeñería en Matemáticas ou informática

Xoves, 23 Xullo 2015 11:14

A **Universidade da Coruña**, convoca esta praza, como colaborador en proxectos de investigación.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **10 días** desde a publicación o **16 de xullo**, na páxina [www.udc.es](http://www.udc.es)

## Convocada 1 praza temporal enxeñeiro de camiños, canais e portos na UDC

Xoves, 23 Xullo 2015 11:15

A **Universidade da Coruña**, convoca esta praza, como colaborador en proxectos de investigación.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **10 días** desde a publicación o **22 de xullo**, na páxina [www.udc.es](http://www.udc.es)

## Convocada 1 praza temporal de licenciado en socioloxía. na UDC

Xoves, 23 Xullo 2015 11:16

A **Universidade da Coruña**, convoca esta praza, como colaborador en proxectos de investigación.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **10 días** desde a publicación o **22 de xullo**, na páxina [www.udc.es](http://www.udc.es)

## Convocadas prazas de enxeñeiros técnicos forestais e de montes da facenda pública

Venres, 24 Xullo 2015 10:45

O **Ministerio de Facenda e Administracións Públicas**, convoca **14 prazas de enxeñeiros de montes e 4 de enxeñeiros forestais**, polo sistema acceso libre (oposición) e promoción interna (concurso-oposición).

O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **14 de setembro de 2015.** [www.boe.es](http://www.boe.es)

## Convocadas prazas de arquitectos técnicos da facenda pública

Venres, 24 Xullo 2015 10:47

O **Ministerio de Facenda e Administracións Públicas**, convoca **28 prazas de arquitectos técnicos**, polo sistema acceso libre (oposición) e promoción interna (concurso-oposición).

O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **14 de setembro de 2015.** [www.boe.es](http://www.boe.es)

## Convocada bolsa de emprego de facultativo especialista

Venres, 24 Xullo 2015 10:48

A **Consellería de Saúde**, convoca esta bolsa de emprego para facultativos especialistas en anexesioloxía e reanimación.

O prazo de presentación de solicitudes é ata o **26 de agosto de 2015**. **Máis información** [www.060.es](http://www.060.es)

## Convocada 1 praza de administrativo temporal da autoridade portuaria de Marín e Pontevedra

Venres, 24 Xullo 2015 10:49

**Portos do Estado**, da autoridade portuaria de **Marín** e **Ría de Pontevedra**, convoca esta praza de administrativo xeral temporal polo sistema de concurso-oposición.

O prazo de presentación de solicitudes é de **15 días hábiles**, contados a partir do seguinte á publicación o **23 de xullo** na páxina [www.boppo.es](http://www.boppo.es)

## Convocadas 12 prazas do Corpo de Diplomados Comerciais do Estado

Luns, 27 Xullo 2015 09:00

O **Ministerio de Economía e Competividade**, convoca estas prazas polo sistema de oposición.

O prazo de presentación de solicitudes é de **20 días naturais**, contados a partir da publicación no BOE. **Máis información BOE do 27 de xullo de 2015**. [www.boe.es](http://www.boe.es)

## Convocadas 31 prazas do Corpo de Diplomados en Estatística do Estado

Luns, 27 Xullo 2015 09:01

O **Ministerio de Economía e Competividade**, convoca estas prazas polo sistema de oposición.

O prazo de presentación de solicitudes é de **20 días naturais**, contados a partir da publicación no BOE. **Máis información BOE do 27 de xullo de 2015**. [www.boe.es](http://www.boe.es)

## Convocadas 13 prazas do Corpo de Enxeñeiros Técnicos del SOIVRE

Luns, 27 Xullo 2015 09:02

O **Ministerio de Economía e Competividade**, convoca estas prazas polo sistema de oposición.

O prazo de presentación de solicitudes é de **20 días naturais**, contados a partir da publicación no BOE.

**Máis información BOE do 27 de xullo de 2015**. [www.boe.es](http://www.boe.es)

## Convocadas 14 prazas do Corpo Superior de Estatísticos do Estado

Luns, 27 Xullo 2015 09:02

O **Ministerio de Economía e Competividade**, convoca estas prazas polo sistema de oposición.

O prazo de presentación de solicitudes é de **20 días naturais**, contados a partir da publicación no BOE. **Máis información BOE do 27 de xullo de 2015**. [www.boe.es](http://www.boe.es)

NOVAS DE EMPREGO

EMPREGO PRIVADO

## Técnico/a comercio exterior Pontevedra

Xoves, 23 Xullo 2015 08:39

**Adecco** selecciona para importante **empresa Química** ubicada no Porriño (Pontevedra) un técnico/a de comercio exterior con nivel alto de inglés para incorporación inmediata.

Se require licenciatura, enxeñería superior e polo menos 3 anos de experiencia.

Contrato estable.

Salario segundo convenio.

[http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/tecnico-a-de-comercio-externo-ingles-alto-para-po/pontevedra/1848382/?utm\\_source=empleate&utm\\_medium=agregador&utm\\_campaign=trafico&utm\\_content=comercial-ventas&utm\\_term=pontevedra](http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/tecnico-a-de-comercio-externo-ingles-alto-para-po/pontevedra/1848382/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=comercial-ventas&utm_term=pontevedra)

## Programador/a mecanizado Vigo

**Xoves, 23 Xullo 2015 08:40**

**Nortempo ETT** necesita seleccionar para **empresa en Vigo** un programador/a de mecanizado para empresa industrial.

Se require experiencia de polo menos dous anos en manexo de CADWORKS, CAM, CAD e CATIA V5.

Disponibilidade horaria.

Xornada completa.

Incorporación inmediata.

[http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/programador-a-mecanizado/pontevedra/1848403/?utm\\_source=empleate&utm\\_medium=agregador&utm\\_campaign=trafico&utm\\_content=ingenieria-y-produccion&utm\\_term=pontevedra](http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/programador-a-mecanizado/pontevedra/1848403/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=ingenieria-y-produccion&utm_term=pontevedra)

## Encargado/a de planta Vigo

**Xoves, 23 Xullo 2015 08:41**

**Nortempo ETT Vigo** selecciona un encargado/a de planta de fábrica para Vigo en empresa de sector alimentación.

Se require experiencia de polo menos dous anos.

Xornada completa.

Disponibilidade horaria.

[http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/encargado-a-de-planta-de-alimentacion/pontevedra/1848996/?utm\\_source=empleate&utm\\_medium=agregador&utm\\_campaign=trafico&utm\\_content=ingenieria-y-produccion&utm\\_term=pontevedra](http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/encargado-a-de-planta-de-alimentacion/pontevedra/1848996/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=ingenieria-y-produccion&utm_term=pontevedra)

## Camareiro/a Dependente/a Panaderia Pontevedra

**Xoves, 23 Xullo 2015 09:02**

**Nortempo ETT SL** selecciona un/unha dependente/a de Panaderia para Pontevedra.

Funcións de servir en mesa e en barra.

Se require experiencia en trato a atención o público.

Experiencia en hostelería.

Xornada de 8 hr.

Turnos rotativos de mañan, tarde e xornada partida.

[http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/camarero-a-dependiente-a-de-panaderia/pontevedra/1846918/?utm\\_source=empleate&utm\\_medium=agregador&utm\\_campaign=trafico&utm\\_content=hosteleria-turismo&utm\\_term=pontevedra](http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/camarero-a-dependiente-a-de-panaderia/pontevedra/1846918/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=hosteleria-turismo&utm_term=pontevedra)

## Técnico/a de calidade O Porriño (Pontevedra)

**Xoves, 23 Xullo 2015 09:32**

**Grupo Norte** selecciona un **posto de técnico/a de calidade para O Porriño** (Pontevedra) para empresa importante de sector industrial. Se require experiencia demostrable dun ano en departamento do sector de calidade.

Se require coñecementos de interpretación de planos.

Coñecemento de ferramentas de xestión de non conformidades.

Salario de 15.000 euros/ano.

[http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/tecnico-a-calidad/pontevedra/1848784/?utm\\_source=empleate&utm\\_medium=agregador&utm\\_campaign=trafico&utm\\_content=calidad-i-d-prl-y-medio-ambiente&utm\\_term=pontevedra](http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/tecnico-a-calidad/pontevedra/1848784/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=calidad-i-d-prl-y-medio-ambiente&utm_term=pontevedra)

## Operario/a de conserva O Porriño (Pontevedra)

Xoves, 23 Xullo 2015 09:42

**Nortempo Porriño** selecciona **un/ha operario/a de conserva para empresa de conxelados e conserva na zona de Porriño.**

Con funcións de de xestión de mercancías de almacén.

Manexo de produtos conxelados.

Realización de caixas de produtos.

Se require experiencia previa en posto semellante.

Disponibilidade inmediata.

Valorable residencia na zona de Porriño.

Contrato de traballo temporal de xornada completa en turno de mañán.

[http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/operario-a-de-conserva/pontevedra/1847011/?utm\\_source=empleate&utm\\_medium=agregador&utm\\_campaign=trafico&utm\\_content=compras-logistica-y-transporte&utm\\_term=pontevedra](http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/operario-a-de-conserva/pontevedra/1847011/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=compras-logistica-y-transporte&utm_term=pontevedra)

**Nortempo ETT**

## Instaladores de liñas telefónicas Lugo

Xoves, 23 Xullo 2015 09:56

**Empresa de instalacións de telefonía** necesita cubrir **20 prazas** de instaladores de liñas telefónicas FTTH.

Se require experiencia e coñecementos de electricidade e telecomunicacións.

Estudos de FPI ou Ciclo de Grado Medio en electricidade e electrónica.

<https://www.empleate.gob.es/empleo/#/buscarOferta?search=A%20Coru%C3%B1a>



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR  
Dirección Xeral de  
Xuventude e Voluntariado



**xuventude.net**